

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/14
CARACTER: EXTRAORDINARIO E URXENTE
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 24 de outubro de 2007.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **24 de outubro de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO E URXENTE, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D. Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D. Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D. José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D. Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Carlos Pérez Méndez.

U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Alvarez
D. Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario Xeral:

D. Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Maria José Vázquez Rigueira.

Concelleiros ausentes na sesión:

PSG-PSOE

D. Balbino Pérez Vacas
Dona Maria José Rodríguez Arca.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN QUE VEN DADA POR A NECESIDADE DE ADOPCIÓN DO ACORDO PLENARIO PARA A EXECUCIÓN DA SEXTA FASE DA ARI ANTES DO 26 DE OUTUBRO DE 2007 E POLA INICIACIÓN DOS PROCEDIMENTOS DE INVESTIGACIÓN E DESLINDE DE PARTE DO CAMIÑO MUNICIPAL NA RUA ROSALÍA DE CASTRO-CAMILO BARCIA TRELLES.

Efectuada unha sucinta exposición pola Alcaldía por unanimidade , sen promoverse deliberación , polo Pleno Municipal , de conformidade co disposto no art.79 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais acordase polo Pleno apreciar a urxencia da sesión , pronunciándose favorablemente sobre a mesma.

2.-ACORDO PLENARIO PARA A EXECUCION DA SEXTA FASE DO CONVENIO DA ARI DO CASCO HISTORICO DE RIBADEO.-

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 23 de outubro de 2007 sobre o asunto epigrafiado do tenor seguinte:

“Dase conta polo Sr.Alcalde da súa proposta que se transcribe de seguido:”Pola Alcaldía-Presidencia á vista do escrito recibido con entrada o 11 de outubro de 2007 en relación a novas actuacións en Areas de Rehabilitación obxectivos 2007, e que correspondería á 6ª fase do ARI no que se sinala que o Concello deberá remitir antes do día 26 de outubro de 2007 o orzamento das actuacións e a Memoria - Programa achegando certificación do órgano municipal competente acreditativa da aprobación das achegas do Concello para o financiamento das actuacións sinaladas e o compromiso de aprobación da Memoria anteriormente dita.

Asimesmo ademáis das achegas correspondentes a Memoria-Programa o Concello financia o custo do equipo técnico do xeito recollido no modelo de acordo a asinar que tamén figura no expediente, prevéndose pola Consellería de Vivenda axudas para o mantemento das Oficinas municipais para 2008 de xeito similar , segundo se manifesta, ao regulado no Convenio de 20 de xullo de 2006.

Na actualidade se atopa en elaboración e pendente de aprobación polo Pleno Municipal o Presuposto para o exercicio do 2007 no que deberá figurar a aportación municipal para esta fase do ARI.

En virtude do que antecede, PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación da Memoria - Programa e Presuposto de referencia elaborado pola Oficina de Rehabilitación do Concello.

2º. A aprobación das aportacións deste Concello para o financiamento das actuacións sinaladas polo importe da referida Memoria-Programa da fase 6ª do Plan.

3º. A adopción do compromiso de consignación presupostaria para o exercicio de 2007, no orzamento do mesmo, da aportación correspondente ó Concello, de 40.500.- euros.

4º. A aprobación do modelo de acordo a asinar achegado pola Consellería.

5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr. Alcalde procédese a explicar o contido do 6º convenio, e que se trata da rehabilitación de 15 vivendas e das actuacións públicas ás que se fai referencia. O Sr. Alcalde, asimismo, se refire a que é un acordo de contido semellante ó adoptado fai uns meses.

Os Grupos Municipais presentes manifestan manter un criterio favorable á proposta da Alcaldía e a adopción do acordo correspondente, considerando que existe urxencia e que pode someterse ao Pleno extraordinario e urxente.

Sen promoverse deliberación, por unanimidade de todos os membros da Comisión presentes, acórdase propoñer para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita do xeito en que foi formulada.”

Visto o ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de data 23 de outubro de 2007, sen promoverse deliberación, polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º. A aprobación da Memoria - Programa e Presuposto de referencia elaborado pola Oficina de Rehabilitación do Concello.
- 2º. A aprobación das aportacións deste Concello para o financiamento das actuacións sinaladas polo importe da referida Memoria-Programa da fase 6ª do Plan.
- 3º. A adopción do compromiso de consignación presupostaria para o exercicio de 2007, no orzamento do mesmo, da aportación correspondente ó Concello, de 40.500.- euros.
- 4º. A aprobación do modelo de acordo a asinar achegado pola Consellería.
- 5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

3.-RENUNCIA DE AQUAGEST AOS DEREITOS DE EXPLOTACION DE DEPURACION DA NOVA EDAR A EXCUTAR POLA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE(EMPRESA PUBLICA DE OBRAS E SERVICIOS HIDRAULICOS.-

Dase conta do dictame da Comisión Informativa de 23 de outubro de 2007 do tenor seguinte:

“Dase conta á Comisión Informativa do escrito presentado pola empresa AQUAGEST no que pola mesma, na súa calidade de concesionaria dos servizos municipais de subministración de auga potable e saneamento, en relación á obra prevista de Estación Depuradora de Augas Residuais de Ribadeo, se manifesta que renuncia ós dereitos de explotación de depuración da nova EDAR nos termos expostos no escrito e interesando que se garanten á mesma empresa os ingresos do período concesional e da ampliación do contrato nos termos recollidos no Convenio Extraxudicial asinado e na concesión vixente.

Iniciase a deliberación explicándose por parte do Sr. Alcalde o estado de adquisición dos terreos, a petición de membros da Comisión, e se da lectura a un escrito da Comunidade Autónoma no que se cifra o importe anual estimado de explotación da nova EDAR en 530.000 euros/ano, que de ser xestionada a EDAR polo Concello, deberían ser sufragados por este ou polos veciños vía tarifaria.

Polo propio Sr. Alcalde se fai referencia a que a xestión de negociación dos terreos xa fora iniciada polo Sr. Perez Vacas e que prosigue a mesma para a súa adquisición de xeito voluntario ou expropiación.

Interven a continuación o Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal da UPRI que fai referencia en relación co manifestado que de donde saen os 530.000.- euros e que hai un principio de que quen contamina paga e que a Xunta de Galicia si o fai así e porque lle sae millor e que e leonino para as empresas.

O Sr. Alcalde contéstalle que se financiará con cargo ao canon de saneamento que percibe a Comunidade Autónoma.

Por parte do Sr. Duarte Diaz do Grupo Municipal popular se pregunta si Aquagest renuncia a ter contrapartidas, deliberándose sobre a cuestión.

Por Secretaría se explica á Comisión que tanto no segundo punto do escrito de renuncia cuxa aceptación polo Pleno se propón, como no corpo do escrito, existe unha previsión de que se garanta o equilibrio económico-financieiro da Concesión durante a vixencia da mesma, manifestándose polo funcionario informante que debe predicarse do conxunto da Concesión, e á vista do desenvolvemento da mesma no tempo, respecto á situación previa á execución da EDAR prevista.

Por parte do Sr. Duarte Diaz do Grupo Municipal Popular se manifesta o criterio de abstención xa que considera que non hai urxencia xa que o Alcalde non dispoñe dos terreos.

Por parte do Sr. Alcalde se replica que o Conselleiro de Medio Ambiente lle urxiu, moi recentemente, a que remita os documentos relativos á EDAR á maior brevidade e que cre que efectivamente este aspecto podería ser resolto no próximo Pleno apreciando a urxencia.

Incidentalmente se delibera tamen sobre unha cuestión plantexada polo Sr. Rivas Alvares respecto a si se vai a manter na tarifa o concepto de “depuración”, o non efectualo xa o Concello. Na deliberación se manifesta que deberán facerse estudos sobre o tema xa que ao mesmo tempo deberán incluírse novos bombeos para a rede de sumidoiros e outros elementos.

Por parte do Sr. Duarte Diaz se manifesta un cambio de criterio mostrándose favorable a que se inclua na sesión como urxente e tamen se manifesta a favor da urxencia o Sr. Pérez Mendez do Grupo Municipal Socialista.

O Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI dí que se reserva para o Pleno e que pide que o asunto quede pendente, sinalándose por Secretaría que se contabilizará como abstención.

A Comisión, por cinco votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP e do PSG-PSOE) e unha abstención (do Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI) , apreciando a urxencia do asunto para o seu tratamento no Pleno extraordinario e urxente, dictamínase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a proposta de AQUAGEST de renuncia nas condicións da mesma.”

Iniciase deliberación intervendo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI ,que manifesta que vaia por diante o seu apoio a que se realice a EDAR que vai supoñer un tratamento cualitativo na depuración pasando do tratamento físico ao biolóxico , e que vai a executar a Xunta a través da Consellería de Medio Ambiente e supón que o Concello non ten nada que ver como nas actuacións anteriores; que o seu Grupo se alegra de que volta a investir a Consellería de Medio Ambiente como tempo atrás en que investiu moito e que pasando xa ao tema hai un informe pendente da repercusión de deixar de prestar o servizo de tratamento que se solicitou á empresa e como non teñen ese informe non saben o que vai supoñer e que van seguir cobrando aos veciños esa parte de depuración e así o manifesta no seu escrito, xa que solicitan que se garanta o equilibrio económico - financeiro, os ingresos en todo o período de vixencia da concesión; prosegue manifestando o Sr. Concelleiro intervinte que se extrapolan tamén é certo que os beneficios desa depuración que vai percibir

AQUAGEST e que non vai a facer , e o que tiñan que pagar os veciños de Ribadeo a AQUAGEST , seguro que saen beneficiados pero sae beneficiada a empresa e non os veciños. Remata o Sr.Rivas Alvarez sinalando que non van votar en contra pero vanse abster porque queren que se faga a EDAR pero non lle parecen as mellores condicións para os veciños de Ribadeo.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Méndez do Grupo Municipal Socialista que manifesta o criterio favorable ao acordo do seu Grupo como xa manifestou na Comisión Informativa xa que lles parece positivo.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina, portavoz do Grupo Municipal Popular, se sinala que dado que de xeito directo ou indirecto todo o mundo quere apuntarse a algo sobre actuacións da Consellería de Medio Ambiente no Concello, lle parece ben que o anterior Alcalde xestionara os terreos , pero esta obra, tamén é procedente dun Grupo de actuacións previstas non xa polo Goberno municipal do Partido Popular senon polo goberno da Xunta do Partido Popular sendo Conselleiro D.José Manuel Barreiro, e que non é un invento , xa que este proxecto con outros co seu importe, se presentaron nos 4 anos anteriores en Cervo , estando presente o anterior Alcalde ,que hoxe non está na sesión; e as xestións eran do goberno anterior da Xunta , polo que o seu Grupo está encantado; manifesta tamén o Sr.Rodríguez Andina que agarda que vaia máis rápida esta obra que a do saneamento dende A Devesa ata Rinlo que tamén quedou adxudicada polo goberno do Partido Popular e que non sabe se rematou agora.

Sinala asimesmo o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular, que no caso concreto está claro que se se ten que facer cargo o Concello da xestión da EDAR, habería que repercutilo aos veciños, e que iso é un feito real , e entre iso e que lóxicamente resulte que a empresa teña os seus cálculos financeiros , e que non vai a permitirse o luxo de regalar , si eso non vai repercutir a lo menos inicialmente nun custo aos veciños está ben. Que se é obrigatorio por parte da Xunta deixalo libre para a xestión , lles cae de caixón que parece unha boa xestión, unha boa manobra no camiño que se iniciou por outros como o Concelleiro que está a falar , que era lograr o saneamento para todo o Concello.

Intervén a continuación o Sr.Alcalde que afirma que se lle plantexaron ao Concello dúas posibilidades a primeira non entregar libre de dereitos preadquiridos o que é a depuración e a Xunta faría a depuradora nova , ese compromiso existe e se entregaría ao Concello e este tería que efectuar a xestión e cos datos que se ten cun importe de 530.000 euros , cifra importante que tería que ser obxecto de repercusión tarifaria e se queren poden dicir que iso é positivo para os veciños, pero pola contra a segunda , que se se entrega sen sen dereitos preadquiridos a Xunta contrata e o vai facer a concesionaria que a Xunta determine e o Concello non vai entrar na xestión, co aforro correspondente.

Afirma tamén o Sr.Alcalde que se lle chaman a ese concepto dunha maneira ou doutra estase comparando a formiga e o elefante, e se iso é así , cando a nova depuradora estea feita haberá que falar o equilibrio financeiro , que pode resultar que o Concello teña que pagar máis que agora polo colector dende A Devesa ata Rinlo coas súas impulsións, custo enerxético, etc., e o desequilibrio pode ser en detrimento do Concello pero é unha cuestión cando chegue o caso , ano a ano, que cree que noutros asuntos poden discrepar pero dende o punto de vista do interese veciñal lle parece importante e non ten máis que sinalar.

Volta a intervir o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que afirma que con respecto a apuntarse tantos , cada un sabe o seu haber e o seu deber e non se poden preocupar por quen se apunte os tantos ; que están todos de acordo en que hai que entregar sen cargas , pero as cargas seguen sendo para os veciños , e que dí o Sr.Alcalde que hai que mirar o equilibrio financeiro , pero o que dí o Concelleiro que está a intervir , é que por ese concepto de depuración a empresa ten a sartén polo mango e pide que se lle garanten os seus dereitos.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se reitera o xa sinalado do contido do escrito da empresa en relación coas garantías do equilibrio financeiro , e sinala que así llas poñían a Felipe II, como xa se dixo no Pleno, e que respecto ao bombeo de máis , hai o concepto de sumidoiros , e bombear é distinto de depurar e reitera que a empresa ten unhas garantías para o equilibrio concesional.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí que non sabe porqué ninguén se da por aludido, e que ten que insistir en algo que é importante, e pregunta ao Sr.Rodríguez Andina se este asunto repercute en que o Concello de Ribadeo vai ter unha infraestrutura importante de tipo medioambiental gratuíta, e pregunta se é así , e sendoo que non hai máis.

O Sr.Rivas Alvarez volta intervir e dí que quere formular a pregunta ao revés e é se se lle vai cobrar aos veciños por un servizo que non se lles vai a prestar e pregunta se é así.

Intervén de novo o Sr.Alcalde que dí que non era a Felipe II que era a Fernando VII a quen llo poñían así.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que moi ben pero que o oiú no Pleno.

Prosegue a intervención do Sr.Alcalde que dí que non se lle debe dar á cuestión máis voltas e que respecta a opinión do Sr.Rivas Alvarez , pero que é unha cuestión nominal que se lle poña ese nome , ou non , ao concepto da retribución pero que a retribución é global e está subdividida , e igual aquí o custo da depuración vai desaparecer pero o custo do saneamento pode subir moito máis en detrimento do Concello e nada terá que ver coa depuradora , senon cos colectores e isto non vai ser ata que funcione e fai referencia tamén a que vai ser a primeira vez que exista unha depuración biolóxica.

De seguido polo Pleno Municipal por nove votos a favor (dos membros presentes dos Grupos municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI) , segundo a renuncia formulada , e nos términos da concesión vixente á data , acordase:

1º. A aceptación da renuncia de AQUAGEST aos dereitos de explotación de depuración da nova EDAR a executar pola Consellería de Medio Ambiente (clave OH327482) nos termos do escrito da Empresa de 17 de outubro de 2007 con número de rexistro de entrada 9776.

2º. Garantir a AQUAGEST PTFA, S.A. na súa cualidade de concesionaria os ingresos de subministración de auga potable , sumidoiros, e depuración de augas residuais de todo o período concesional e da ampliación do contrato aprobada nos termos recollidos no Convenio extraxudicial e como garantía do equilibrio económico-financieiro da concesión durante a vixencia da mesma.

4.- DACION DE CONTA A EFECTOS DE RATIFICACION DA RESOLUCION DA ALCALDIA DE 16 DE OUTUBRO DE 2007 DE INICIACION DE PROCEDEMENTO DE INVESTIGACION E DESLINDE DE PARTE DE CAMIÑO MUNICIPAL NA RUA ROSALIA DE CASTRO-CAMILO BARCIA TRELLES (ANTES ESTRADA A VILASELAN).

Dase conta do dictame da Comisión Informativa de 23 de outubro de outubro do tenor seguinte:

“Dase conta da resolución da Alcaldía de 16 de outubro de 2007 , que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia, á vista de que se interpuxo demanda civil fronte o Concello de Ribadeo, no Xulgado de 1ª Instancia número 2 de Mondoñedo por parte de don José Eduardo Veiga Paz , en relación a parcela existente na Rúa Rosalía de Castro-Camilo Barcia Trelles (antes estrada de Vilaselán) no que entre outros extremos se pretendía se declarase polo órgano xudicial “la inexistencia de camino alguno , salvo las expresadas vías de Rosalía de

Castro y Carreteras a Villaselán, por cuanto los caminos de serventía que existieron antiguamente han desaparecido con la apertura de las Avda. Rosalia de Castro, quedando asumidos sus restos por los colindantes.”.

Visto que condata 15 de outubro de 2007 se procedeu ao desestímulo por parte do demandante da demanda formulada fronte ao Concello antes da celebración do acto do xuízo e tendose celebrado a vista previa do mesmo con anterioridade , con data 14 de setembro de 2007.

Visto que segundo os antecedentes , existentes efectivamente existiu un camiño público de pé que se dirixía dende a Estrada de Vilaselán pasando polo Muiño a San Roque e por outro lado iba á hoxe denominada Rúa da Casa do Povo (antes rúa 23 de xullo), e que o tramo afectado nesta parcela nacía en Vilaselán pouco antes da casa de Morán xunto a tres casas pequenas , pasaba pegado á casa de Congostros e logo derivaba hacia o Muiño e San Roque ou cara ao Colexio das Monxas e antiga Estación de Ferrocarril, e compre efectuar o procedemento de investigación para documentalo mesmo e reflectilo debidamente.

Visto que se mantén o uso público dun sendeiro ou camiño de a pé pola parcela referida aínda no día de hoxe , e que compre, por imperativo legal a defensa do patrimonio municipal, previa a tramitación do correspondente procedemento de investigación e deslinde entre as propiedades particulares e a propiedade pública.

Visto o disposto nos arts. 45 , 46 e 49 a 73 do Real Decreto 1372/1986 de Regulamento de Bens das Entidades Locais e arts.280.1, apdos a) e b) , 281 e 282 da Lei de Administración Local de Galicia, e normativa concordante apreciando razóns de urxencia e interese público ,e segundo o preceptuado na vixente redacción do art. 21.1.k) da Lei 7/1985, que establece a competencia da Alcaldía para o exercicio de accións xudiciais e administrativas en casos de urxencia dando conta ao Pleno da Corporación cando se trate de materias de competencia do mesmo na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

RESOLVO:

1.-A iniciación dos expedientes de investigación e deslinde administrativos do camiño de a pé para a parcela referida, conforme á normativa antecitada, e seguíndose o procedemento legalmente establecido para os mesmos.

2.-A notificación as Notarías e Rexistro de Ribadeo ós efectos procedentes, e ás partes interesadas do presente acto de trámite.

3.-A dación de conta a efectos de ratificación ao primeiro Pleno que se celebre.”

Por Secretaria se sinala que foi unha resolución por razóns de urxencia que se explican á Comisión, e que compre que o pleno ratifique o resolto pola Alcaldía.

Os representantes dos Grupos Municipais presentes na Comisión manifestan o seu criterio favorable á ratificación da resolución da Alcaldía epigrafiada sen promoverse deliberación.

De seguido, polos membros da Comisión Informativa, por unanimidade acordase, apreciando a urxencia do asunto para o seu tratamento no Pleno extraordinario e urxente, propoñer ao Pleno Municipal a ratificación da resolución da Alcaldía de 16 de outubro de 2007 epigrafiada e que se ten transcrito anteriormente.”

Polo Pleno municipal, sen promoverse deliberación, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase a ratificación da Resolución da Alcaldía de 16 de outubro de 2007 relativa a iniciación do procedemento de investigación e deslinde de parte do camiño municipal na rúa Rosalia de Castro-Camilo Barcia Trelles (antes Estrada a Vilaselán),e segundo o preceptuado na vixente redacción do art. 21.1.k) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

Sendo as vinte horas e trinta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión extendendose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,